



CAMPIONATO TERRITORIAL

PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Os doce (12) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta, nunha soa Fase Regular.

DATAS DE CELEBRACIÓN

A Competición desenvolverase entre os días 14 de outubro de 2018 e 7 de abril de 2019.

EQUIPOS CLASIFICADOS PARA FASE ESTATAL

Accederá á Segunda Fase ou Fase Estatal doo Campionato Estatal de Segunda División Masculina o equipo primeiro clasificado da Fase Territorial. Así mesmo, accederá o equipo segundo clasificado da Fase Territorial, sempre e cando a Federación Galega conte polo menos con corenta (40) equipos Senior, competindo nas diferentes Competicións Estatais e Territoriais Seniors, excluindo en calquera caso os oito (8) equipos mínimos esixidos para o desenvolvemento da Fase Territorial deste Campionato.

Os equipos participantes na 2ª Fase ou Fase Estatal do Campionato, deberán ingresar a cantidade de **douscentos euros** (200.- euros) na conta da RFEBM en concepto de Dereitos de Participación dentro da semana seguinte a data de finalización da Fase Territorial, seguindo co aprobado na Asemblea Xeral da RFEBM.

DESCENSOS

Descenderán automaticamente a 2ª División Autonómica Masculina os equipos clasificados nos postos 11º e 12º desta Competición. Igualmente, descenderán correlativamente tantos equipos como equipos pertencentes a esta Federación Territorial que descendan de 1ª División Estatal Masculina.

Para establecer os equipos que tomarán parte nesta Competición na tempada 2019/20 e na Promoción de Permanencia da tempada 2018/19 terase en conta o número de equipos desta Territorial que ascendan a 1ª División Estatal.



Cadro de posibilidades Ascensos / Descensos

Descenden 1ª Estatal	0	0	0	1	1	1	2	2	2
Ascenden a 1ª Estatal	0	1	2	0	1	2	0	1	2
Descenden a 2ª Autonómica	2	1	0	3	2	1	4	3	2
Promociona	10º	11º	12º	9º	10º	11º	8º	9º	10º

PROMOCIÓN

Xogará a promoción pola permanencia o equipo seguinte na clasificación final desta Competición que non descenda directamente. A Promoción a disputarán co equipo clasificado en 3º lugar da Competición de 2ª División Autonómica Masculina.

A Promoción se disputará polo sistema de eliminatoria a dobre partido entre un equipo de 1ª Autonómica y outro de 2ª Autonómica, disputándose o encontro de volta no terreo de xogo do equipo de 1ª División Autonómica.

Encontro de Ida (19.05.19)

3º Clasificado 2ª Autonómica

Encontro de Volta (26.05.19)

Peor Clasificado 1ª Autonómica que non descenda directamente.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas Normas específicas do Campionato de Primeira División Autonómica Masculina- Fase Territorial do Campionato Estatal de Segunda División Masculina -, complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.